



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1134-1102

DECRETO DO ALCALDE

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2019 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de fomento; entre outras obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.

Así mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos en materia de fomento a facultade de outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.

O pasado 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/02/2024 09:36	Páxina 1 de 2
1134-1102	CSV: A6A34D-B9AFB4-DA5783-ZDSGY9-JY8FVA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento

SGF

O ALCALDE, ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL, SUSANA GALLARDO FARIÑA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/02/2024 09:36	Páxina 2 de 2
1134-1102	CSV: A6A34D-B9AFB4-DA5783-ZDSGY9-JY8FVA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		